

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA (Incorpórase á sesión despois de tratar o punto número 12/115 da orde do día). Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 11 e 13 de febreiro de 2013, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz 81, polígono 501 de Vilar - Poutomillo; para demolición da edificación sita en solo urbano, na Estrada Vella de Santiago, número 2; para reconstrución de cuberta e restauración de fachada e carpintería exterior, no edificio sito en solo urbano, na rúa Castelao, número 23; para a legalización de entresollado vinculado a local de planta baixa destinado a farmacia no edificio con licenza número 102/06, sito na avda. Carlos Azcárraga, número 35; para ampliación de explotación agrícola e gandeira, consistindo a licenza de ampliación solicitada nun almacén agropecuario da explotación de 44,50 m² en Chavián-Pedreda, polígono 428, parcela 134 e para legalización de planta alta e reforma e acondicionamento de nave existente con licenzas 601/97 e 1406/02 para almacén de material de construción e equipos de climatización e frío industrial, na rúa das Mercadorías, parcela 121-151-C.

Tamén se acorda a denegación de licenza para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Leiteiras, número 12.

Así mesmo, acórdase a denegación de licenza para instalación de estación base de telefonía móbil na estrada de Vegadeo-Pontevedra.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a encomenda de xestión a Evislusa do traballo de elaboración do proxecto de modificación puntual do PXOM para a determinación do sistema xeral correspondente á "Liña soterrada de alta tensión

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg09

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-2-2013

(20 KV), para substitución de dobre circuíto aéreo (20 KV) no contorno da Louzaneta, en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 352/2012, do 4 de abril.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Arquitectura e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de pavimentación e servizos na rúa Perpetuo Socorro (tramo avda. Coruña – río Cabe) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Recuperación da escultura Matrona de Lugo.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lengua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.